



INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE MARZO 2010



1.- Resumo

Mes frío, pero normal en canto a chuvias

O mes de marzo estivo caracterizado en xeral pola variabilidade, aínda que os cambios de tempo non foron tan bruscos como nos meses anteriores. Así, despois do paso da ciclóxénese explosiva Cinthya nos dous derradeiros días de febreiro, o mes comezou cun tempo inestable nos primeiros días. Ata o día 7, as chuvias, aínda que en xeral non foron moi cuantiosas, tiveron un carácter xeneralizado. As temperaturas foron as propias do final do inverno durante este período debido a que os ventos sopraron en xeral de compoñente sur. A situación cambiou entre o día 7 e o 8. As altas presións situáronse ó norte da península Ibérica, collendo a Galicia no seu radio de acción. Pero o mesmo tempo un centro de baixas presións no Mediterráneo, provocou a chegada de aire frío procedente do continente. Esta situación mantívose con poucos cambio ata o día 18, cubrindo polo tanto unha terceira parte do mes, na que o tempo en xeral foi seco, pero frío. Estas baixas temperaturas arrastraron á media do mes cara a valores por debaixo do normal en canto a temperatura. A partir do día 18 Galicia volveu a experimentar a chegada de borrascas dende o Atlántico. Dende o 18 ata o 27 as borrascas chegaron acompañadas de ventos de compoñente sur, polo que o tempo foi chuvioso pero con temperaturas suaves, agás nas xornadas do 21 e 22, nas que o anticiclón logrou dominar a situación atmosférica e polo tanto tivemos tempo seco. A xornada do 28 tivemos unha melloría transitoria do tempo en Galicia, cunha tarde soleada. Os derradeiros 3 días estiveron marcados novamente por tempo inestable debido a presenza dunha profunda borrasca situada ó sur das illas Británicas. Ademáis disto, nos días 30 e 31 os ventos chegaron dende o noroeste, de forma que ademáis de chuvias tivemos temperaturas baixas para a época do ano.

Temperaturas:

O mes de marzo pódese caracterizar en xeral como un mes frío. O principal factor que contribuíu ás baixas temperaturas rexistradas foi o feito de que o período anticiclónico e polo tanto de tempo seco, foi ó mesmo tempo un período frío. Os valores de temperatura coincidindo cos períodos de chuvias foron en xeral normais para a época, salvo os derradeiros días do mes con baixas temperaturas en xeral.

Chuvias:

As cantidades de chuvia acumuladas durante o mes estiveron preto dos valores normais, tanto en número de días de chuvia, como na cantidade recollida. Os días máis chuviosos do mes tiveron lugar nos primeiros e derradeiros días.

**2.- Táboas de datos**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

CIS FERROL

	MARZO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.1	12.0	15.0 (1997)	9.7 (1984)
Tª mínima media	7.7	8.8	10.8 (2001)	6.6 (1984)
Tª mínima absoluta	1.8 (día 8)	0.6 (01/03/1993)		
Tª máxima media	14.8	15.2	19.4 (1997)	12.6 (1975)
Tª máxima absoluta	21.5 (día 17)	26.6 (23/03/2002)		
Precipitación acumulada	58	59-85	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	12	12	26 (2001)	0 (1997)

Comentario:

O mes pódese considerar moi frío en canto as temperaturas media e mínima e normal en canto á temperatura máxima.

A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais polo que o mes pódese considerar normal . O número de días de chuvia é normal.

**SANTIAGO**

	MARZO 2010	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.4	11.3	14.7 (1997)	8.4 (1984)
Tª mínima media	5.6	6.5	9.1 (2001)	3.5 (1984)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 10)	-1.5 (17/03/1984)		
Tª máxima media	13.6	16.2	22.1 (1997)	13.1 (1985)
Tª máxima absoluta	18.9 (día 17)	28.6 (23,24/03/2002)		
Precipitación acumulada	130	83-147	637 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	13	12	29 (2001)	0 (1997)

Comentario:

Mes en xeral moi frío para todas as temperaturas. A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais polo que o mes considérase normal.

O número de días de chuvia é lixeiramente superior ó valor agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido (1982-2003) que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	MARZO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.1	9.3	13.1 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	3.3	4.2	7.9 (1994)	1.1 (1973)
Tª mínima absoluta	-2.5 (día 10)	-6.0 (09/03/1973)		
Tª máxima media	13.7	14.4	21.9 (1997)	10.5 (1984)
Tª máxima absoluta	20.3 (día 17)	27.0 (09/03/2000, 23/03/2002)		
Precipitación acumulada	89	51-77	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	12	11	23 (2001)	0 (1997)

Comentario:

Mes frío tendo en conta as temperaturas máxima, mínima e media.

A chuvia é superior os valores climáticos agardados polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia é lixeiramente superior ó agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	MARZO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.2	11.7	14.5 (1997)	9.3 (1975)
Tª mínima media	6.7	6.3	9.3 (2001)	4.3 (1984)
Tª mínima absoluta	0.8 (día 10)	-1.6 (01/03/1993)		
Tª máxima media	16.4	17.0	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	21.3 (día 17)	28.0 (23/03/2002)		
Precipitación acumulada	139	95-164	571 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	12	12	29 (2001)	0 (1997)

Comentario:

Mes frío tendo en conta a temperatura media mentres que é cálido en canto ca temperatura mínima e normal para a máxima.

A precipitación recollida está dentro do rango de valores normais. O número de días de chuvia tamén é normal.

OURENSE

	MARZO 2010	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.4	11.5	14.8 (1997)	8.5 (1975, 1984)
Tª mínima media	5.6	4.9	9.3 (2001)	0.6 (1973)
Tª mínima absoluta	-0.7 (día 10)	-4.0 (09,10/03/1973)		
Tª máxima media	16.2	18.1	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	22.1 (día 17)	30.6 (23/03/2002)		
Precipitación acumulada	99	47-63	298 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	14	9	26 (1997)	0 (1997)

Comentario:

O mes considérase cálido en canto á temperatura mínima e frío, moi frío tendo en conta as temperaturas máxima e media, respectivamente.


O valor de precipitación acumulada é moi superior ó agardado polo que o mes considérase moi húmido. Isto tamén se reflicte no número de días de chuvia, moi superior ó valor climático.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión a nivel medio do mar Marzo 2010






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial de 500 hPa.
Marzo 2010**





3.4.- Temperatura media das mínimas



Tmin -- 03/2010

www.meteorogalicia.es

